

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

**IES PORTA DA AUGA
CURSO 06/07
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

ENSINANZAS:

- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato
- Ciclo Formativo de Grao Medio.
- Ciclo Formativo de Grao Superior.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

A composición do Departamento de Orientación designada polo equipo directivo e aprobada pola CCP, é a seguinte:

- M^a Carmen Álvarez Rico – Profesora de Pedagogía Terapéutica – Apoio alumnado con n.e.e.
- Mercedes Bouza Fernández – Profesora de Pedagogía Terapéutica – Apoio alumnado con n.e.e.
- Marta Fojo Peña – Profesora de Psicoloxía e Pedagogía – Xefa do Departamento de Orientación.
- Pilar Alonso Leivas – Profesora do ámbito lingüístico-social.
- José Angel García García – Profesor do ámbito científico-tecnolóxico.

A reunión de coordinación dos membros do Departamento de Orientación realizarase os venres de 8:45 a 9:35 horas.

No horario semanal da xefa do Departamento contemplase 1h/semanal para atención a pais e 1h/semanal de tutoría de alumnos; así como 2h/semanais de coordinación coas profesoras de pedagogía terapéutica.

OFERTA EDUCATIVA:

O IES Porta da Auga conta coa seguinte oferta educativa:

- Educación Secundaria Obrigatoria. Nesta etapa contemplanse medidas de atención a diversidade de intereses e capacidades (optatividade, adaptacións curriculares, agrupamentos específicos, PDC,...)
- Bacharelato das modalidades de: Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclo Formativo de Grao Medio: Xestión Administrativa,
- Ciclo Formativo de Grao Superior: Administración e Finanzas.

CONTIDOS DO PLAN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Segundo o disposto na normativa vixente, os servizos de orientación educativa e profesional priorizan como ámbitos básicos de actuación (**Decreto 120/98, Orde 24 de Xullo do 98, Circular 17/2006**):

- O apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe. Atención a diversidade.
- A orientación Educativa e Profesional.
- A Acción tutorial.

ANÁLISE DE NECESIDADES:

- Coordinación dos procesos de ensino aprendizaxe dende tódolos axentes implicados nos mesmos.
- Seguimento, asesoramento e apoio continuado das medidas de atención a diversidade que se levan a cabo, facilitando recursos e materiais necesarios e realizando reunións periódicas avaliativas.
- Garantir unha continuidade e coherencia nas actuacións da orientación o longo de tódalas etapas educativas.
- Reforzar a concienciación e sensibilización do equipo educativo sobre a importancia da función tutorial.
- Maior participación e implicación dos departamentos didácticos e dos titores na posta en práctica das medidas de atención a diversidade, e nas actividades de orientación vocacional.
- Acolida do alumnado de nova incorporación ó centro.
- O traballo de estratexias, técnicas, destrezas e hábitos de estudo dende as distintas áreas.

- Autocoñecemento e fortalecemento grupal. Actividades dirixidas a toma de confianza individual e grupal.
- Mellora do autoconceito e habilidades sociais nos escolares.
- Fortalecemento da convivencia.
- O fomento da participación dos pais no proceso educativo dos seus fillos/as.

OBXECTIVOS:

- Referidos ó centro:

O obxectivo prioritario a conseguir ó longo do presente curso escolar é seguir a traballar na consolidación do Departamento de Orientación como estrutura que participa na dinamización psicopedagóxica do centro.

- Colaborar na revisión dos Proxectos Educativo e Curricular nos seus diferentes aspectos, incluíndo nos mesmos, programas e actividades para o desenvolvemento da orientación educativa e da acción tutorial.
- Asesorar ó equipo docente en todas aquelas cuestións que posibiliten unha atención educativa personalizada e integral (adaptacións curriculares individuais, criterios de avaliación e promoción dos alumnos, ...)
- Promover actuacións de carácter preventivo que melloren a convivencia no centro.
- Desenvolver accións orientadoras en tódolos ciclos e niveis, asegurando a orientación educativa a tódolos alumnos/as dende o punto de vista persoal, escolar e profesional.
- Promove-la cooperación entre o centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na educación dos alumnos/as.

- Referidos ó alumnado:

- Facilita-la integración dos alumnos/as no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar, ofrecéndolles apoio nos momentos de maior dificultade (ingreso no centro, cambios de ciclo, elección de optativas e itinerarios formativos,...)
- Coñece-las aptitudes, expectativas, intereses dos alumnos para unha eficaz orientación nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír ó desenvolvemento da madurez personal e vocacional dos alumnos, facilitándolles asesoramento para una adecuada toma de decisións respecto o seu futuro académico e profesional.
- Identifica-las dificultades e potencialidades dos alumnos con dificultades de aprendizaxe e/ou necesidades educativas especiais, concretando pautas de actuación e medidas para su atención (RE, ACI, PDC, PGS,...) .
- Potenciar nos alumnos/as actitudes de aceptación, tolerancia e diálogo que redunden no establecemento dunha boa relación no centro educativo.

- Orientar ós alumnos/as sobre temas do seu interese, así como para unha adecuada utilización do ocio e tempo libre.
- Favorecer no alumnado o coñecemento, aceptación de si mesmo, a súa autoestima e tamén a mellora de habilidades sociais.

- Referidos ó profesorado:

- Implicar ó profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa, potenciando a formación dos titores neste campo.
- Facilitar ós titores/as e ó profesorado en xeral, recursos e posibilidades para a formación en temas de orientación, tutoría e atención á diversidade.
- Apoia-la actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer a súa labor docente e tutorial.
- Colaborar no seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos alumnos de cara á prevención, detección e orientación dos problemas ou dificultades educativas, de desenvolvemento e/ou aprendizaxe que presenten, elaborando na medida das nosas posibilidades estratexias e medios para a súa intervención.
- Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento persoal e/ou de aprendizaxe que presenten os alumnos, participando na intervención.
- Establecer pautas xerais de actuación para levar a cabo medidas de reforzo educativo, adaptación curricular e programas de diversificación curricular, colaborando na súa elaboración e seguimento.
- Colaborar co profesorado na adquisición de hábitos de estudo, técnicas de traballo intelectual, habilidades e estratexias de aprendizaxe nos alumnos, así como o modo de insertalas no currículo.
- Colaborar cos titores/as para una adecuada avaliación, sobre todo formativa, dos procesos de aprendizaxe dos alumnos/as.
- Apoia-la intervención do profesorado coas familias de cara a favorecer-la relación entre as familias e o centro.

- Referidos á familia:

- Establecer contactos periódicos cos pais dos alumnos de forma individual e colectiva coa finalidade de intercambiar información sobre o proceso educativo e asumir conxuntamente a orientación educativa de seus fillos/as.
- Axudar á familia a comprender e potencia-las aptitudes do seus fillos/as, orientandoos nos aspectos básicos para dar resposta as necesidades que presenten, sobre todo cando se trate de alumnos con necesidades educativas específicas.
- Solicita-la participación dos pais nas diversas actividades que se realicen no centro (actividades complementarias e extraescolares, orientación profesional, etc.).

- Referidos a organismos e institucións :

- Participar no desenvolvemento das accións de orientación profesional que estableza a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional (Plan Galego de Formación Profesional).
- Favorece-la coordinación cos servicios e institucións da comunidade que incidan na función orientadora do centro en xeral ou que atendan aspectos específicos en particular (CEFORE, Equipo de Orientación Específico, centros culturais, asociacións, ONGs,...)
- Establecer canais de comunicación e colaboración co Centro de Primaria do que proceden os alumnos.
- Coordinarse co Equipo de Orientación Específico para solicita-la súa intervención e asistencia técnica en determinados problemas específicos.
- Establecer canais de colaboración cos servicios sociais, de sanidade e emprego da zona.
- Colaborar na elaboración e intercambio de experiencias entre centros, sobre todo cos Departamentos de Orientación dos institutos da mariña.

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN:

De acordo a normativa vixente o Departamento de Orientación do IES “Porta da Auga” planificará actuacións que permitan desenvolve-la acción orientadora en tódolos niveis educativos e que abarquen a toda a comunidade educativa.

As actuacións que se priorizaran durante este curso enmarcanse nos seguintes ámbitos:

- A mellora da convivencia no centro promocionando conductas tolerantes e implementando medidas de prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Atención a toda a diversidade, a través da identificación temperá, revisión e modificación das medidas de apoio, optimizando os recursos materiais e humanos e asesorando aos departamentos didácticos.
- Actuacións que permitan o desenvolvemento do Plan de Acción tutorial, colaborando na análise das necesidades do profesorado titor e na organización e xestión da acción tutorial.
- Fomentar a formación permanente, á investigación, á experimentación e a innovación.
- Promover unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación dos seus fillos e fillas.
- A orientación profesional na formación o longo da vida a través da coordinación dos servizos de orientación do ámbito educativo e laboral, segundo o Plan Galego de Formación Profesional.
- Asesorar as persoas adultas sobre as distintas oportunidades de aprendizaxe e de inserción laboral.
- Asesorar, informar e difundir entre o alumnado as ensinanzas de réxime especial.

Este Departamento celebrará unha reunión semanal de coordinación (na hora destinada a tal fin) para realiza-lo seguemento das accións emprendidas nos diferentes ámbitos e introduci-las modificacións que se consideren oportunas.

Para levar a cabo a coordinación co centro de primaria realizaranse reunións trimestrais (tal como recolle a normativa vixente), e as que se consideren oportunas ó longo do curso, intentando establecer os cauces necesarios para extrema-la coordinación entre os dous centros.

Estratexias metodolóxicas:

Para que este plan sexa desenvolto e nos permita acadar os obxectivos plantexados, nas accións emprendidas procurarase unha metodoloxía participativa na que se implique toda a comunidade educativa. Unha intervención ecolóxica e sistémica, planificada mediante programas axeitados as necesidades do centro, apoiándonos nos medios tecnolóxicos, e en ocasións, reforzando a actuación coa participación de servicios externos (EOE, servicios sociais e sanitarios, ...).

TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Constitución do Departamento de Orientación. Presentación á CCP para a súa aprobación.
- Análise da situación inicial dos diferentes grupos (recollida de datos, detección de necesidades, ...).
- Revisión dos expedientes académicos dos alumnos/as de nova incorporación ó centro, principalmente na ESO .
- Coñecemento do alumnado con dificultade de aprendizaxe ou necesidades educativas especiais (recollida de información do centro de procedencia, revisión dos expedientes, informes individualizados e/ou documentos de adaptación do currículo) .
- Organización dos apoios e horarios tendo en conta os seguintes criterios: orixe das necesidades educativas especiais, estilo da aprendizaxe do alumnado, nivel de competencia curricular, características persoais e horarios dos grupos de referencia.
- Elaboración dunha síntese do informe psicopedagóxico dos alumnos con NEE e revisión ou actualización dos DIACs . Realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise.
- Elaboración do Plan de Orientación Educativa. Presentación do POE ó xefe de estudos e a C.C.P.
- Realización dunha pre-avaliación a principio de curso. Preparación, en coordinación cos titores, da avaliación inicial de cara á prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Participación na primeira reunión de pais.
- Adquisición de materiais específicos para o apoio ós ACNEEs e dificultades de aprendizaxe.
- Posta en funcionamento das aulas de apoio.

- Entrevista cos pais dos ACNEEs para informalos sobre o procedemento de reforzo pedagóxico e o rendemento do seu fillo/a.
- Presentación ós titores do PAT. Preparación e concreción de actividades de tutoría. Aportación de material ós titores.
- Seguimento continuado dos alumnos/as que reciben apoio das profesora de pedagogía terapéutica e do alumnado do grupo de Diversificación Curricular e agrupamentos específicos.
- Inicio dos programas de prevención de drogas, en colaboración co Concello (CINENSINO).
- Seguimento do alumnado durante a súa etapa de transición do sistema educativo ó mundo laboral.

SEGUNDO TRIMESTRE:

- Valoración dos resultados obtidos na primeira avaliación e asesoramento no deseño e desenvolvemento de estratexias de recuperación en función de ditos resultados.
- Asesoramento ós titores e o equipo educativo na adecuación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Colaboración cos titores na abordaxe de conflitos que se plantexen dentro do grupo-clase.
- Deseño de programas en función das necesidades e demandas da comunidade educativa .
- Contribución a difusión da oferta educativa do centro.
- Continuación dos programas iniciados nos trimestres anteriores .
- Elaboración do Plan de Orientación Vocacional (POAV).Preparación de materiais para levar a cabo os Programas de Orientación Académica Profesional: organización e funcionamento do sistema educativo, optatividade, distintos itinerarios educativos, saídas profesionais, inserción ó mundo laboral,...
- Elaboración de materiais para o autocoñecemento dos alumnos e toma de decisións: rasgos da personalidade, intereses, aptitudes, valores e o proceso de toma de decisións.

TERCEIRO TRIMESTRE:

- Valoración dos resultados obtidos na 2ª avaliación. Planificación de medidas organizativas e curriculares, en coordinación co equipo educativo e os titores.
- Actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias e á comunidade educativa.
- Elaboración dunha guía informativa para titores e alumnos de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato, últimos cursos dos ciclos formativos, con toda a información a proporcionar ó alumnado sobre as opcións formativas e profesionais.
- Charlas informativas para pais e alumnos do último curso no Centro de Primaria do que procede o alumnado.
- Previsión conxunta coa orientadora do centro de Primaria do alumnado con n.e.e. e /ou dificultades de aprendizaxe que se incorporará ó centro de secundaria.
- Valoración dos programas desenvolto , do Plan de Acción Titorial e do Programa de Orientación Vocacional.
- Participar nas avaliacións finais e na elaboración do "Consello Orientador" dos alumnos/as que rematan a ESO , os PGS e Diversificación.

- Seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade adoptadas ó longo do curso.
- Planificación de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade para o vindeiro curso. Realización de informes psicopedagóxicos pertinentes.
- Asesoramento ós titores para realizar o informe de proposta de medidas de atención á diversidade
- Entrevista cos pais para informalos das medidas de atención propostas para o seu fillo e solicita-lo seu consentimento
- Implicación dos pais na orientación académica e profesional dos seus fillos. Especialmente, naqueles casos nos que os alumnos estean nunha situación académica complexa (grande número de repeticións, risco de abandono escolar...), presenten necesidades educativas especiais, sexan obxecto dunha medida de atención á diversidade específica.
- Elaboración e redacción da Memoria Final.

O LONGO DE TODO O CURSO:

As accións que se enumeran a continuación terán continuidade e contemplaránse ó longo dos tres trimestres en función das necesidades que se detecten e da evolución das mesmas.

- Entrevistas con alumnos/as, pais/nais, titores/as e institucións.
- Realización de avaliacións psicopedagóxicas e diagnóstico de alumnos/as no que os titores (ou familias) detecten algún deficit, inadaptación ou sobredotación. Propoñer a resposta educativa máis axeitada, en coordinación coa profesora de pedagogía terapéutica, o tutor/a e o equipo educativo.
- Atención directa ás demandas dos alumnos e pais relativas á orientación sobre estudos e profesións.
- Contactos periódicos cos titores de cada nivel co fin de coordinar as accións titoriais. Facilitar ós titores os recursos e materiais que estos requiran para a realización da actividade tutorial
- Asesoramento e participación no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade
- Preparación de probas para a avaliación psicopedagóxica nos casos que se precise. Realización e actualización de informes psicopedagóxicos e DIAC.
- Tratamento da problemática relacionada coas alteracións do comportamento: asesoramento ós titores, entrevistas cos pais, alumnos/as, profesores/as,...búsqueda de respostas positivas ante situacións de conflito.
- Establecemento de contactos periódicos co Centro de Primaria.
- Realización dun seguimento do proceso escolar das diferentes medidas de atención á diversidade implantadas (ACI, PDC, PGS, reforzo educativo e agrupamentos específicos).
- Participación da orientadora nas reunións que convoque a xefa de estudos cos titores e os equipos educativos (reunións de pre-avaliacións...)
- Adquisición de materiais de distinto tipo para as actividades de apoio ós ACNEEs e dificultades de aprendizaxe.

- Colaboración nas sesións de avaliación dos grupos da E.S.O., aproveitando eses momentos para realiza-los seguementos dos reforzos e adaptacións postas en marcha. Asesoramento á xunta de profesores na toma de decisións sobre as medidas educativas axeitadas para atender ás necesidades que se plantexen.
- Participación nos Programas de Prevención de Drogodependencias que se leven a cabo en colaboración co Concello na distintas etapas.
- Participación nas accións de orientación profesional que estableza a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional (Plan Galego de Formación Profesional).

ESTRATEGIAS DE INTRVENCIÓN:

Para acadar os obxectivos que nos plantexamos, a planificación e desenvolvemento desta tarefa levarase a cabo en estreita colaboración cos órganos de coordinación e goberno do centro.

A Acción Titorial que se desenvolve no centro concretarase no **Plan de Acción Titorial**, contemplando:

- Actuacións que coordinen o desenvolvemento da práctica docente.
- Actividades para traballar co alumnado no horario semanal adicado a titoria.
- Actuacións para manter unha comunicación fluida coas familias.

O Departamento de Orientación xunto co equipo de titores elaborará propostas o Plan contribuíndo o seu desenvolvemento.

A realidade do noso centro, levanos a deseñar un **Plan de Atención a Diversidade** co fin de promover e facilitar unha atención mais individualizada que permita axusta-la axuda pedagóxica as necesidades dos alumnos. A atención a diversidade supón un continuo de medidas dirixidas a totalidade do alumnado, respetando e contemplando as características do mesmo (peculiares intereses, motivacións e capacidades, personalidade, nivel de competencia curricular, ambiente familiar, ...).

O Departamento de Orientación en colaboración cos diferentes axentes educativos (CCP, titores, profesores de FOL, ...) elaborará o **Programa de Orientación Académico Profesional**, onde se conreterá o asesoramento vocacional coa finalidade de facilitar o alumnado a toma de decisións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación permitiranos determina-la efectividade da intervención, valorando os logros e dificultades atopadas, os factores que pudieron incidir nestas así como os aspectos que sería preciso modificar, reforzar ou suprimir.

Esta avaliación será realizada en tres momentos; faráse unha avaliación inicial co obxectivo de analizar as necesidades; unha avaliación formativa que nos permita ir realizando os axustes e modificacións oportunas en cada momento; así como unha avaliación sumativa e final o remate do curso, onde se recollaran os resultados e serán reflexados na Memoria Anual de xeito que sirvan de punto de referencia para anos vindeiros.

Os criterios que a priori guiarán o proceso de avaliación da actividade desenvolta polo D.O. serán:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de adecuación das actividades propostas.
- Grao de adecuación dos recursos.
- Grao de implicación e participación dos axentes e destinatarios.
- Grao de satisfacción dos implicados.
- Efectos conseguidos e non previstos.

Para levar a cabo esta avaliación tomaranse como instrumentos a observación participante (recollida da opinión persoal dos implicados), cuestionarios e entrevistas, así como a propia avaliación de actividades concretas. Decir que esta avaliación realizarana alumnos/as, profesores, titores, equipo directivo, o Departamento de Orientación e os pais dos alumnos.

Ribadeo, 09 de outubro de 2006

Asdo: Marta Fojo Peña
Xefa do Departamento de Orientación